



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 22 - DECEMBRO - 06

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

INFORMACIÓN TÉCNICA.

As Pulgas II.

O control da pulgas require actuar tanto nos animais como no ambiente que os rodea.

Como normas xerais debese tratar:

1. Os animais afectados, e o resto dos animais da explotación.
2. O ambiente interior (dentro da nave).
3. O ambiente exterior (entorno da nave).

Nos últimos anos tense avanzado moito nos produtos empregados. Por un lado dispoñemos de **adulticidas** (aqueles que matan as formas adultas) e por outro existen os **larvicidas (IGR)**, produtos que impiden que as formas inmaduras (ovos, larvas e pupas) evolucionen ata o estadio de adulto, sendo ademais produtos moi seguros dende o punto de vista da toxicidade. No control das pulgas debemos usar tanto un adulticida como un inhibidor do crecemento dos insectos (IGR).

Nos animais usarase un adulticida que actúe sobre as pulgas (piretrina).

No ambiente interior débense combinar varios esforzos para un bo control das pulgas:

- **Imprescindible a limpeza** das zonas onde se aloxan os animais (e dicir, quitar o esterco).
- Empregarase coa frecuencia indicada produtos que combinen un **adulticida** (piretrina, organofosforado,...) cun **inhibidor do crecemento** (IGR). Por exemplo poderemos utilizar: *Diflubenzurón* e *Triflumurón*.

En resumo, inicialmente debese facer un tratamento agresivo de limpeza combinado coa aplicación dun adulticida, con isto eliminaremos as pulgas en estado adulto e ademais evitaremos que sigan poñendo ovos. Complementarase, inmediatamente, co uso de inhibidores do crecemento dos insectos, que servirá para evitar que os ovos, larvas e pupas cheguen a estado adulto.

Posteriormente, e cunha frecuencia variable según os produtos empregados, e o risco de chegada de pulgas dende o exterior, combinarase a limpeza, os adulticidas e os inhibidores.



OVICA
caprino e ovino galego

OVELLAS NO MUNDO:



Outro medio de transporte para ovelas.

RAZAS: Negra Serrana.



Orixe: Andalucía e Castela-A Mancha

Características: Gran capacidade para a produción de carne en pastoreo, rusticidade, fertilidade, e prolificidade entre un 150% e un 180%.

Producción: É de resaltar o comportamento do cabrito, tanto en no crecemento como nas características da canal. Con pesos ó nacemento de entre 4 e 5 kg.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndese 2 machos de aptitude cárnica. (Lugo) 606 943 505.
- Véndense 100 cabras (Allariz). 627 094 135 / 988 44 10 00.
- Véndense cabras 982 15 43 91.

MERCADOS.

Prezo dos anos.

A Coordinadora de Asociacións de Agricultores y Ganaderos (COAG) ven de denunciar a venta de año estranxeiro nas grandes superficies como produto español, devaluando a imaxe de calidade do produto ante o consumidor.

Segundo o sindicato agrario, esta situación provocou unha baixada do consumo de carne de año do 10%, sobre todo no Nadal.

Segundo datos do MAPA, no Nadal de 2002 consumíronse 29.9 toneladas de año nos fogares españois, mentres que no 2005 a cifra descendeu ás 27,4 toneladas.

Para recuperar a confianza do consumidor e reactivar o consumo de año, COAG vai a solicitar da Administración un etiquetado no que figure o país de orixe da produción e a posta en marcha de campañas de promoción que sirvan para reafirmar a calidade das nosas razas autóctonas.

España é o principal produtor de carne de ovino da UE. Este sector ocupa un posto clave dentro das producións gandeiras. A súa aportación á produción final da agricultura española é de 1.859 millóns de euros ó ano, o que representa un 13% na produción final gandeira e un 4,5% da produción final agraria.

Unha das características máis importantes da gandería ovina é a súa labor dende o punto de vista social, económico e ecolóxico nas zonas máis desfavorecidas, xa que axuda á fixación da poboación rural e ó mantemento de determinados ecosistemas mediante o aproveitamento de pastos en zonas de difícil situación xeográfica e de recursos escasos, revalorizando así grandes áreas do noso territorio e contribuíndo ó equilibrio medioambiental de estas



INFORMACIÓN TÉCNICA.

Informe ADV

OVICA presentou neste mes de novembro o informe técnico sobre o traballo desenvolvido na Agrupación de Defensa Vexetal. A través deste programa, subvencionado pola Consellería do Medio Rural, podemos controlar e seguir as evolucións das pragas e enfermidades que afectan as pradeiras nas distintas zonas do país. Esta é unha ferramenta fundamental para poder informar e asesorar ós asociados que así o demandan.

Estudio de mercado

OVICA e COVIGA presentaron no mes de novembro un estudo de mercado sobre a comercialización do ovino e caprino en Galiza. Este estudo foi realizado contando cos datos aportados pola experiencia e o traballo técnico de ambas entidades. Ó longo do estudo descríbese as circunstancias actuais do mercado para a produción das explotacións de ovino-caprino e as posibilidades de futuro para o mesmo.

RECORDATORIO.

Libros de explotación.

Lembramos que é obriga dos gandeiros e gandeiras manter ó día os libros de explotación. Incluindo neles tódalas altas e baixas que se producen na explotación.

Durante este ano 2.006 foron identificados con medios electrónicos a práctica totalidade dos machos existentes nas explotacións e comenzo a identificar as reproductoras nadas despois do 9 xullo de 2.005.

Co novo sistema de identificación electrónica cada vez vai ser máis importante manter o libro de explotación ó día e cada vez haberá maiores controis por parte da administración sobre este tema.



**Dende OVICA e
COVIGA queremos
desexarvos un
Bo Nadal**

